



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CAMPIONATOS RELACIONADOS COA ACTIVIDADE PISCÍCOLA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2020

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Don Manuel Mouzo Méndez, con NIF 76348401Q, presidente da Federación Galega de Pesca e Casting, segundo consta no Rexistro de entidades deportivas de Galicia.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de pesca fluvial segundo o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española.

Esta competencia foi transferida polos reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983 do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.

En concordancia con isto, a Lei 7/1992, de 24 de xullo, de pesca fluvial, avoga pola importancia vital de conservar o noso medio ambiente, dando participación





aos diferentes colectivos sociais que xiran en torno ao mundo da pesca, sobre todo o referente ao fomento e medidas protectoras necesarias para o mantemento e estímulo da riqueza piscícola.

As competencias e funcións en materia de ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos piscícolas nas augas continentais corresponden actualmente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante, CMATV), conforme ao disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

SEGUNDO. Que a Federación Galega de Pesca e Casting foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, e a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e cumpre todos os requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

De acordo co establecido nos seus Estatutos (aprobados mediante Asemblea Xeral Extraordinaria do 03/02/2013), a Federación Galega de Pesca e Casting é a única entidade competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, para promover, regulamentar, organizar, xestionar, cualificar e controlar as competicións deportivas de pesca nas augas continentais e costeiras nas súas diversas especialidades, en todas as súas modalidades e representa, na Comunidade Autónoma de Galicia, á Federación Española de Pesca e Casting na que se integra gozando do carácter de utilidade pública, de conformidade co artigo 44.1 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte, e coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e comportará os efectos establecidos nas mesmas.

Así mesmo, a Federación é a representante da Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fora do territorio español.

A Federación Galega de Pesca e Casting ven colaborando e participando activamente, mediante a instrumentalización de distintos convenios subscritos, cara a conservación o fomento e o ordenado aproveitamento das poboacións piscícolas, incluíndo a adopción de medidas de protección e mellora, levando a cabo unha serie de actuacións que permitan a aproximación do pescador ao ámbito relacionado coa práctica da pesca, para que o seu desfrute estea en concordancia co equilibrio entre produción e extracción xa que as actividades deportivas ou recreativas poden afectar á riqueza piscícola das masas de auga, cun balance de resultados positivos que motivan, na converxencia de intereses e dentro dun marco de colaboración, a necesidade da celebración deste convenio.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMATV e a Federación Galega de Pesca e Casting, dentro do marco de colaboración xa existente entre ámbolos dous organismos, establecen o presente convenio con acordo as seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMATV e a Federación Galega de Pesca e Casting a través da organización de campionatos e eventos relacionados coa actividade piscícola na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa posterior divulgación.

SEGUNDA. Obrigas da Federación Galega de Pesca e Casting.

A Federación Galega de Pesca e Casting comprométese ao seguinte:

1. A organización das actividades que se relacionan no **anexo** que se acompaña a este convenio, así como a súa divulgación, de acordo co cronograma e condicións sinaladas neste.
2. A elaboración das memorias e informes sobre o estado e cumprimento de cada unha das actividades sinaladas no anexo deste convenio así como calquera outra actividade efectuada que contribúa á consecución dos obxectivos deste, que sexan requiridos pola CMATV.
3. A proposta e colaboración coa CMATV na realización das actividades de organización de eventos e campionatos encamiñadas a potenciar e difundir a protección da fauna ictícola e do medio natural, así como do seu aproveitamento deportivo sustentable; fomento da pesca sen morte como medida de conservación destes recursos; impulso do emprego das técnicas de pesca menos lesivas e promoción, especialmente entre o público máis novo, da súa divulgación e fomento dos valores deportivos e medioambientais asociados a práctica de pesca deportiva, tales como o coidado e respecto á natureza.
4. Facer figurar expresamente en tódolos anuncios e documentos que se elaboren e teñan relación coas distintas actividades, a colaboración da CMATV.
5. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
6. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas nin entregada ou cedida para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMATV.
7. Facilitar toda a información que se lle sexa requirida pola CMATV en relación coa xustificación do convenio, así coma pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.





TERCEIRA. Obrigas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

1. Deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a potenciar, difundir e mellorar a pesca fluvial en Galicia.
2. Financiar as actividades contempladas no convenio.

CUARTA. Financiamento.

A CMATV aportará dentro do exercicio 2020, unha contía máxima de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 07.03.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

QUINTA. Réxime de xustificación e pagamento.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a Federación Galega de Pesca e Casting, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a CMATV, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a Federación Galega de Pesca e Casting asume como beneficiario as seguintes obrigas:

- a) De acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, unha vez rematadas as actuacións deberá ser xustificado perante a CMATV o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, responda á natureza das actividades subvencionadas e se realicen dende a entrada en vigor do convenio ata o 31 de outubro de 2020.





- b) De acordo co establecido nos artigos 62 e 65.4f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuaranse os pagamentos do seguinte xeito:
- Pagamento parcial dos gastos realizados pola Federación Galega de Pesca e Casting, sendo preciso que antes do 31 de agosto de 2020 a Federación achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas. No pagamento parcial incluíranse os gastos realizados desde o inicio do período de vixencia do convenio ata o 31 de xullo de 2020.
 - Pagamento final unha vez xustificadas os gastos comprensivos do resto do importe do convenio. Para estes efectos, antes do 16 de novembro de 2020, a Federación achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas a partir do 1 de agosto de 2020 ata o 31 de outubro de 2020.
- c) A efectos destes pagos, a Federación Galega de Pesca e Casting achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos. Os pagamentos, xustificacións dos gastos e pagamentos axustaranse ao disposto nos artigos 42 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto do presente acordo.
- e) Comunicar á CMATV, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio. De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.
- f) Reintegrar á CMATV, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA. Comisión de seguimento.

Para o seguimento deste convenio créase unha comisión de seguimento constituída por dous representantes de ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións do presente convenio.





Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, e asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes.

A citada comisión poderá establecer un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

SÉTIMA. Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2020.

OITAVA. Modificacións do convenio.

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

NOVENA. Causas de extinción.

O presente convenio extinguirase por mutuo acordo das partes ou polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas.

DÉCIMA. Natureza e xurisdición competente.

O presente convenio ten natureza administrativa, correspondéndolle á CMATV o exercicio das potestades administrativas para resolver as cuestións que xurdan sobre a interpretación e cumprimento do convenio.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no seu Regulamento de desenvolvemento.

UNDÉCIMA. Publicidade.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO SEGUNDA. Relación laboral.





A subscripción do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMATV de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, no lugar e data indicados.

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

A conselleira de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda
(Asinado electronicamente)

O presidente da Federación Galega de
Pesca e Casting
(Asinado electronicamente)

Ángeles Vázquez Mejuto

Manuel Mouzo Méndez





ANEXO

ACTUACIÓNS QUE A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING COMPROMÉTESE A DESENVOLVER DENTRO DESTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

1. Campionato nacional de salmónidos mosca xuventude.

Competición de ámbito nacional organizada pola Federación Española de Pesca y Casting na que participan deportistas de distintas comunidades autónomas. Desta competición saíran os deportistas clasificados para representar a España no vindeiro campionato do mundo da especialidade do ano 2021.

Datas: do 30 de abril ao 3 de maio de 2020.

Destinatarios: deportistas menores de 18 anos que practiquen a modalidade de pesca de salmónidos mosca.

Lugar: gargantas de La Vera, Cáceres.

Duración: 4 xornadas.

Orzamento: 6.916,00 €.

2. Campionato Open Presidente da Xunta.

Dentro da actividade inclúense os avituallamentos para participantes e acompañantes, o desprazamento en bus e unha noite de aloxamento. Ao remate da mesma seranlles entregados os trofeos aos tres primeiros clasificados de cada categoría de idade e medallas a tódolos deportistas participantes. O campión da modalidade de Salmónidos Mosca formará parte da selección galega que representa a nosa Comunidade no vindeiro Campionato de España de Salmónidos mosca Xuventude do ano 2021, xunto cos tres clasificados no Campionato Autonómico de especialidade.

Lugar: couto sen morte de Valdriz, río Neira (Lugo).

Datas: 8 e 9 de agosto de 2020.

Destinatarios: menores de 18 anos, categorías Benxamín, Infantil e Xuvenil.

Duración: 2 xornadas.

Orzamento: 3.850,00 €.

3. Campionato autonómico de salmónidos mosca xuventude.

Competición deportiva na que os tres primeiros clasificados, xunto co campión do Open Presidente da Xunta 2019, serán os deportistas que integren a selección galega que represente a Galicia neste Campionato nacional de salmónidos mosca xuventude 2020 nas gargantas de La Vera, Cáceres.

Lugar: couto sen morte do Xallas/Beba.

Data: 5 de abril de 2020.

Destinatarios: menores de 18 anos.

Duración: 1 xornada.

Orzamento: 750,00 €.





4. Campionato autonómico auga doce xuventude.

Campionato de pesca que se desenvolverá baixo a modalidade de Auga Doce. O obxecto é ir dando a coñecer esta modalidade, promovéndoa entre a mocidade, aplicando a normativa vixente na materia e concienciando a estes deportistas na necesidade de protexer a biodiversidade autóctona fronte a especies alleas.

Lugar: encoro de Castrelo de Miño, lugar de Sta. Cruz de Arrabaldo.

Data: 28 de xuño de 2020.

Destinatarios: menores de 18 anos.

Duración: 1 xornada.

Orzamento: 650,00 €.

5. Campionato autonómico ciprínidos lance xuventude.

Campionato adicado a pesca do Black Bass. Esta competición ten coma obxectivo demostrarlles aos afeccionados máis novos, que o pescador pode ser tamén unha ferramenta de xestión, que a colaboración entre a nosa administración e os nosos pescadores pode ser beneficiosa para o noso medio ambiente, e que a presenza de especies foráneas, por moi divertido que sexa pescalas, está incidindo negativamente nas nosas augas continentais e nas nosas especies autóctonas.

Lugar: encoro de Castrelo de Miño.

Data: 20 de setembro de 2020.

Destinatarios: menores de 18 anos.

Duración: 1 xornada.

Orzamento: 1.320,00 €.

6. Xornadas técnicas.

Sesións sobre a montaxe e uso de novos materiais e técnicas de pesca aos compoñentes da selección galega de salmónidos mosca xuventude, desenvolvidas por David Arcay Fernández.

Lugar: tramo libre sen morte do río Grande en Pasarela (Vimianzo) e tramo libre do río Xallas, na zona de Brandomil (Zas).

Datas: 8 e 25 de abril de 2020.

Destinatarios: membros da selección galega de salmónidos mosca xuventude.

Duración: 2 xornadas.

Orzamento: 1.848,17 €.

7. Competicións provinciais de salmónidos lance.

Nestas competicións dirímense os competidores que participarán este ano no autonómico da especialidade.

Lugar: couto de Baio, río Grande (A Coruña), couto de Láncara, río Neira (Lugo), couto de Ribadavia, río Avia (Ourense) e couto de Cerdedo, río Lérez (Pontevedra).





Datas: 25 de abril de 2020 (Ourense e Pontevedra) e 26 de abril de 2020 (A Coruña e Lugo).

Destinatarios: deportistas federados e membros de algún club ou sociedade de pesca nas súas respectivas provincias, sen linde de idade (14 en A Coruña, 9 en Lugo, 2 en Ourense e 3 en Pontevedra).

Duración: 4 xornadas.

Orzamento: 1.500,00 €.

8. Competición autonómico de salmónidos lance.

Nesta competición ascenden á selección galega da especialidade os seis primeiros clasificados que non formen parte da selección. O campión galego formará parte da selección galega que represente a Galicia no campionato de España da especialidade 2021, xuntos cos tres primeiros clasificados do selectivo deste mesmo ano.

Lugar: couto de Verdes, río Anllóns, e couto de Sta. Comba, río Xallas.

Datas: 9 e 10 de maio de 2020.

Destinatarios: deportistas da especialidade de salmónidos lance que acadasen a súa clasificación no campionato provincial precedente.

Duración: 2 xornadas.

Orzamento: 1.000,00 €.

9. Competicións provinciais de salmónidos mosca.

Nestas competicións dirímense os competidores que participarán este ano no autonómico da especialidade.

Lugar: couto de Aranga, río Mandeo (A Coruña), couto de Ronfe, río Sarria (Lugo), couto de Boborás, río Viñao (Ourense) e couto de Forcarei, río Lérez (Pontevedra).

Datas: 2 de maio de 2020 (A Coruña e Lugo) e 3 de maio de 2020 (Ourense e Pontevedra).

Destinatarios: deportistas federados e membros de algún club ou sociedade de pesca nas súas respectivas provincias, sen linde de idade (10 en A Coruña, 8 en Lugo, 5 en Ourense e 5 en Pontevedra).

Duración: 4 xornadas.

Orzamento: 1.600,00 €.

10. Competición autonómico de salmónidos mosca.

Nesta competición ascenden á selección galega da especialidade os seis primeiros clasificados que non formen parte da selección. O campión galego formará parte da selección galega que represente a Galicia no campionato de España da especialidade 2021, xuntos cos tres primeiros clasificados do selectivo deste mesmo ano.

Lugar: couto de Ponteliñares, río Limia, e couto do Barbantiño, río Barbantiño.

Datas: 30 e 31 de maio de 2020.





Destinatarios: deportistas da especialidade de salmónidos mosca que acadasen a súa clasificación no campionato provincial precedente.

Duración: 2 xornadas.

Orzamento: 1.000,00 €.

11. Participación galega en competicións internacionais de pesca de salmónidos.

Participación no Campionato do mundo de salmónidos mosca categoría absoluta; no Campionato de Europa de salmónidos mosca e no Campionato do mundo de salmónidos mosca categoría veteranos.

Lugares: Kusamo (Finlandia); Stor - Elvdal (Noruega) e Moravia (República Checa).

Datas: do 11 ao 18 de agosto de 2020; do 6 ao 12 de xullo de 2020 e do 25 ao 31 de maio de 2020.

Destinatarios: os pescadores seleccionados pola Federación galega de pesca e casting.

Duración: 21 xornadas.

Orzamento: 3.000,00 €.

12. Gastos comúns a tódalas actividades.

Agás nas competicións internacionais, en tódalas demais entregaráselles trofeos e medallas aos tres primeiros de cada categoría. No caso do Open Presidente, ademais dos trofeos e medallas aos tres primeiros das categorías Benxamín, Infantil, Xuvenil e Damas, haberá medallas par tódolos participantes.

Entrega de roupa deportiva que levará bordados os logos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Servicio de Patrimonio Natural, e o da Federación Galega de Pesca e Casting.

Orzamento: 1.565,83 €.

